



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 20 DE XUÑO DE 2024

No salón de sesións do Concello de Pol, sendo as 12:25 horas do día 20 de xuño de 2024, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente de don Lino Rodríguez Ónega, reuníronse, en sesión pública, os señores e señoras concelleiros/as co obxecto de celebrar sesión extraordinaria.

ASISTENTES

Alcalde-presidente

Don Lino Rodríguez Ónega

Concelleiros:

Dona Marina Ramudo Graña,
Dona Ana Belén Seco Morado
Don César Valiña Irimia,
Dona Sonia Cervantes Rivas
Don Enrique Rodríguez Rodríguez
Dona María Blanca Fernández Martínez
Don José Luis Ramudo Andión

Nos asisten, sen excusa:

Dona Nicole Grueira Fernández

Secretaria da Corporación:

Dona María Rosa Antuña Carballés

A sesión desenvolveuse con arranxo á seguinte orde do día:

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, do pleno celebrado en data 28 de maio de 2024.

Polo señor Alcalde-presidente pregúntase aos señores/as concelleiros/as se teñen algunha cuestión en relación a acta que se somete a aprobación.

Sometida a votación queda aprobada por unanimidade.





2.- Aprobación dos Estatutos da Fundación “TERRAS DE POL”

Polo señor Alcalde-presidente dáse conta ao Pleno da proposta da Alcaldía que di textualmente:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA AO PLENO

Á vista dos seguintes antecedentes:

-Informe de Secretaría

-Estatutos da Fundación “Terras de Pol”

Realizada a tramitación legalmente establecida, propónse ao Pleno a adopción do seguinte,

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobado a creación da Fundación “Terras de Pol” cuxos fins son:

- a) *A posta en valor e o aproveitamento do patrimonio, co fin de fomentar o desenvolvemento rural e impulsar a economía local e a creación de emprego en Pol e a súa contorna, contribuíndo a frear a despoboación do municipio. Diseñar, promover e realizar, de forma directa ou concertada, programas e actuacións de promoción económica e fomento do emprego en calquera sector, e todas aquelas actividades de colaboración e apoio ás funcións que o Concello de Pol leve a cabo, ou teña previsto desenvolver no futuro, no marco da súa política de promoción e desenvolvemento económico e empresarial, e de emprego.*
- b) *Diseñar, promover e realizar, de forma directa ou concertada, programas de integración social, prestacións sociais, programas de asistencia social á xuventude e á terceira idade, e todas aquelas actividades de colaboración e apoio ás funcións que o Concello de Pol leve a cabo, ou teña previsto desenvolver no futuro, no marco da súa política social e de asistencia social.*
- c) *A promoción, desenvolvemento e fomento do deporte en xeral en Galicia, fundamentalmente nas especialidades de fútbol e baloncesto nas súas distintas modalidades, entre todos os sectores da poboación, masculino, feminino e en todas as franxas de idade, con especial atención e apoio a persoas con discapacidade, sen discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, promovendo así o deporte en xeral a fin de acadar hábitos de práctica deportiva na poboación en xeral, incorporando deportes minoritarios e novas modalidades deportivas e, tamén, fomentando a formación e cualificación profesional en materia deportiva.*
- d) *Desenvolvemento e impulso de todo tipo de manifestacións culturais no municipio de Pol, e difusión e promoción da cultura no territorio do concello e na súa contorna.*
- e) *Protección e mellora do medioambiente, adicando recursos a enerxías renovables e de nova creación.*





- f) *Contribuír ó análise, deseño e execución de novas estratexias de funcionamento, desenvolvemento e prestación de servizos municipais, a petición do Concello de Pol.*
- g) *Construción, promoción, mantemento e xestión de instalacións e servizos, incluíndo, no seu caso, a adquisición, cesión temporal de uso ou arrendamento de bens mobles e inmobles axeitados para permitir e facilitalo cumprimento dos fins fundacionais*

SEGUNDO.- *Aprobar os Estatutos e o nome da Fundación “Terras de Pol”, nos que se concretan os fins fundacionais.*

TERCEIRO. *Aprobación da designación dos patronos segundo o artigo 15 dos Estatuto e pola duración que se establece nos mesmos:*

-O Presidente: Don Lino Rodríguez Ónega (Alcalde)

-Vicepresidente: Don Cesar Valiña Irimia (Concelleiro)

-Secretaria: Dona Ana Belén Seco Morado (Concelleira)

CUARTO. *Dar conta da dotación inicial que o Concello de Pol fai á Fundación “Terras de Pol”, que será polo importe de 50.000 euros.*

QUINTO.- *Dar conta do presente Acordo a Intervención e a Tesouraría aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.*

SEXTO.- *Elevar a escritura pública a constitución da Fundación, que deberá incluír o contido que indica o artigo 10 da Lei 50/2002, de 26 de decembro, de Fundacións.*

SÉTIMO.- *Dar traslado da Constitución da Fundación ao Rexistro de Fundacións de Interese Galego para que, de conformidade co establecido no artigo 52 e seguintes da Lei 12/2006, de 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego, e o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego, aprobado polo Decreto 15/2009, de 21 de xaneiro, inscribíbase a Fundación no devandito rexistro.”*

Ponse o asunto a votación e por cinco votos a favor (PSOE), e dous abstencións (BNG e PP) acórdase a aprobación do asunto proposto pola Alcaldía.

3.- Moción urxente

Propón o Sr Alcalde a inclusión dun punto do día de carácter urxente xa que a documentación chegou estes días, despois xusto de convocar o pleno extraordinario con dous días hábiles de antelación, e debido a urxencia que supón para continuar o expediente de expropiación forzosa do “Proxecto estrada municipal de Eirexe a Valincovo pasando por Aldea”.





Polo señor Alcalde-Presidente dáse conta ao Pleno da proposta de carácter urxente que dí textualmente

“PROPOSTA DE ALCALDÍA AO PLENO

Expediente número: 131/2019

Asunto: Expediente expropiación forzosa do “Proxecto estrada municipal de Eirexe a Valincovo pasando por Aldea”.

Visto o recurso de reposición presentado por dona Hermesinda Lenza Frade con data 29/03/2023 contra o acordo do Pleno extraordinario de data 30/09/2022 do Concello de Pol, donde se aprobou o inicio do expediente expropiatorio para a adquisición dos bens afectados para a execución da obra denominada “Proxecto de estrada municipal de Eirexe a Valincovo pasando por Aldea” e que foi recibido polo Concello de Pol o 30/03/2023.

Visto o informe-proposta do Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos da Deputación de Lugo ás alegacións presentadas por dona Hermesinda Lenza Frade do seguinte tenor literal:

“1.- ANTECEDENTES.

El Pleno del Concello de Pol, celebrado el día 12/11/2021, acordó la aprobación del proyecto técnico denominado “Proyecto de carretera municipal de Eirese a Valincovo pasando por Aldea”.

Dicho proyecto técnico permaneció expuesto al público durante veinte (20) días hábiles, finalizando el plazo el día 28/07/2022, no habiendo sido presentada ninguna alegación y quedando, en consecuencia, definitivamente aprobado.

De acuerdo con el artículo 22.5 de la Ley 6/2015, de 7 de agosto, por la que se modifica la Ley 8/2013, de 28 de junio, de carreteras de Galicia, la aprobación definitiva del proyecto lleva implícitas:

1. La declaración de utilidad pública.
2. La necesidad de ocupación de los bienes y la adquisición de los derechos necesarios para la ejecución de las obras.
3. Su urgente ocupación.

2.- HECHOS.

Con fecha 29/03/2023 Dña. M^a Hermesinda Lenza Frade presentó en la Xunta de Galicia, con nº de registro de entrada 102/RX1006059, un recurso de reposición contra el acuerdo del Pleno extraordinario de fecha 30/09/2022 del Concello de Pol, donde se aprobó el inicio del expediente expropiatorio para la adquisición de los bienes afectados para la ejecución de la obra denominada “Proxecto de estrada municipal de Eirexe a Valiconvo pasando por Aldea”, siendo recibido en el Concello de Pol el 30/03/2023.

Siendo estudiado dicho recurso de reposición, se observa que, además de contener varias inexactitudes, se refiere fundamentalmente a tratar de demostrar que la carretera municipal objeto del presente proyecto es un camino vecinal.

3.- CONCLUSIÓN.

Como el proyecto denominado “Proxecto de estrada municipal de Eirexe a Valiconvo pasando por Aldea” está definitivamente aprobado con las consecuencias que ello implica, se INFORMA que procede la desestimación íntegra de las aludidas alegaciones y continuar con el expediente expropiatorio cuyo inicio se aprobó en la sesión extraordinaria del Pleno del Concello de Pol de fecha 30/09/2022.”

Proponse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **acordos**:





CONCELLO DE POL (LUGO)

C.I.F. P-2704600B · R.E.L. 01270462

Plaza de Galicia, 1 · 27270 Mosteiro – Pol · Tel. 982 345 029 / 982 345 038 · Fax 982 345 330

PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións efectuadas por dona Hermesinda Lenza Frade á vista do informe do Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos da Deputación de Lugo.

SEGUNDO.- Continuar co expediente expropiatorio cuxo inicio se aprobou na sesión extraordinaria do Pleno do Concello de Pol de data 30/09/2022.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á interesada con indicación dos recursos pertinentes.

En Pol na data que consta na sinatura electrónica

O Alcalde,

Asdo.- Lino Rodríguez Ónega”

Aprobase a inclusión deste punto de urxencia con seis votos a favor (6 PSOE) e dúas abstencións do PP e do BNG.

Votase a desestimación das alegacións efectuadas por dona Hermesinda Lenza Frade á vista do informe do Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos da Deputación de Lugo e continuar co expediente expropiatorio cuxo inicio se aprobou na sesión extraordinaria do Pleno do Concello de Pol de data 30/09/2022 e notificar o presente acordo á interesada con indicación dos recursos pertinentes, quedando esta aprobada con sete votos a favor (6 PSOE e 1 PP) e unha abstención do BNG.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión, sendo as doce horas e trinta e cinco minutos do día sinalado ut supra, de todo o cal como Secretaria, dou fe.

